



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de novembro de dous mil quince; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintetres de novembro de dous mil quince (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitud de información urbanística interesada por **DON ANTONIO RODRIGUEZ MARIÑO**, con domicilio na rúa Rodríguez Moure nº 4, Ribadavia, con número de expediente **RIB/N/125/15**. A proposta do Sr. Alcalde e visto o correspondente informe técnico de data 30.11.2015.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Travesía Esquerda da rúa Muñoz Calero, Ribadavia (Ref. Catastral 1032309NG7813S0001GE), a solicitude de **Don Antonio Rodríguez Mariño**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

**COLOCACION DE LÁPIDA CONMEMORATIVA.-**

Visto o escrito de **Don José García Alvarez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 43, 3º, Ribadavia, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea nº 233T sita no cemiterio de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación terá carácter provisional e non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.



#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, comunicando Sentencia núm. 167/2015, procedemento abreviado núm. 0000128/2015 A.
- Do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, respostando escrito do Concello relativo a actuacións na antiga Casa Sindical.
- Acta de entrega da construción, explotación e xestión do aparcamento da Alameda de Ribadavia e recepción polo Concello de Ribadavia.-

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DAS ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA. Plan Estatal de Fomento de Aluguer de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016.-PROGRAMA DE REGENERACIÓN Y RENOVACIÓN URBANAS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1º) Aprobar as bases da convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ribadavia.

2º) Aprobar a convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013 – 2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbana (Áreas de Rehabilitación Integral) do Casco Histórico de Ribadavia.

3º) Ordenar a publicación da convocatoria e do texto íntegro das bases no BOP para a apertura do prazo de presentación de solicitudes e o desenrolo da mesma.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**